

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 25 DE ABRIL DE 2013,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Proxecto de Lei de inclusión social de Galicia.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o plan de recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis L*) en Galicia.
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de senda peonil na estrada PO-551, Marín-Rande (p.q. 2+000 ao 2+950) (Bagüín-Marín) no concello de Marín (clave: PO/12/067.06).

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a entidade pública empresarial Red.es, para o desenvolvemento de actuacións na Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da Administración electrónica, cun importe dun millón cento vinte e cinco mil euros (1.125.000,00 euros).
- Acordo polo que se aproba a Guía de textos e formularios normalizados, e a Guía de habilitación electrónica de procedementos administrativos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a contratación centralizada da subministración de enerxía eléctrica aos centros de consumo da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (REDEXGA).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública dos proxectos de construción de plataforma da liña de alta velocidade Madrid-Galicia, tramo Prado-Porto, solución variante e tramo do túnel de Prado vía esquerda, solución variante, sobre a que cualifica os montes veciñais en man común de San Mamede de Prado e Candas; Vieiro, Colado, Raposa e Ortiga; De Tamicelas e comunal de Campobeceros, pertencentes respectivamente ás comunidades de Prado, Trez, Tamicelas, O Castro e Naveaus e Campobeceros, na provincia de Ourense, para unha superficie total de afección de 22,20 ha.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre gasto farmacéutico.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe do investimento da Consellería de Traballo e Benestar para mellorar a empregabilidade dos galegos e galegas ao longo de 2013.

## **O GOBERNO GALEGO APROBA A NOVA LEI DE INCLUSIÓN SOCIAL, QUE INICIARÁ A SÚA TRAMITACIÓN PARLAMENTARIA NESTE PERÍODO DE SESIÓNS**

- *Este anteproxecto foi ratificado como acordo do diálogo social polos principais axentes sociais de Galicia*
- *Unha das súas principais novidades é que articulará unha nova Risga (renda de integración social de Galicia), que pasará a ser flexible e modular para adaptarse a cada caso*
- *Dividirase en tres tramos: tramo persoal e familiar, de inserción, e de transición ao emprego*
- *Outro aspecto fundamental é que aproveita as sinerxías entre os servizos sociais e de emprego, co fin de dotar as persoas dun itinerario de inserción laboral coherente e único*
- *Realizarase unha diagnose de empregabilidade das persoas, que se seguirán con accións de orientación*
- *Establece, por primeira vez, a compatibilidade con traballos esporádicos, co fin de incentivar o acceso a un emprego*
- *Substituirá a Lei 9/1991, de medidas básicas para a inserción social*

A nova Lei de inclusión social de Galicia iniciará a súa tramitación parlamentaria neste período de sesións unha vez que o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao anteproxecto desta normativa que xa foi ratificada como un acordo do diálogo social.

O novo texto substituirá a Lei 9/1991, de medidas básicas para a inserción social, e situarase á vangarda das novas directrices europeas. Así, o seu obxectivo é crear unha política de inclusión verdadeiramente integradora e acorde coa estratexia europea 2020.

Para conseguilo, o texto articulará, entre outras novidades, unha renda de inclusión social de Galicia (Risga) –cambiará a súa denominación de “integración” a “inclusión”– que será “flexible e modular”. Co fin de poder adaptarse a cada caso, dividirase en tres tramos distintos e farase un especial fincapé na vocación integradora e de inclusión laboral desta axuda.

Con este fin, reforzaranse as sinerxías entre a área de inclusión social e de emprego para crear un itinerario de inserción “único e coherente”. Este reforzamento dáse, fundamentalmente, por dúas vías. Así, no eido propio da prestación, promóvese o fomento do acceso ao mercado de traballo ao lle asegurar ao beneficiario unha contía a maiores se cumpre un itinerario de inserción laboral. E, por outra banda, as oficinas de emprego e o persoal de orientación e intermediación pasarán a desempeñar un papel decisivo neste dispositivo.

Neste sentido, cabe destacar que unha das grandes novidades será que se realizará unha diagnose da empregabilidade das persoas, que se seguirán con accións de orientación. Para iso, os servizos sociais comunitarios traballarán de maneira coordinada co persoal técnico de orientación laboral do servizo público de emprego. Tamén se subscribirá un convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade no segundo tramo, o de inserción.

Con este mesmo fin de busca da inserción, a Risga faise por primeira vez compatible coas rendas obtidas a través de traballos esporádicos ou de escasa contía. Deste xeito, garántese que a persoa nin abandone o seu proxecto de inserción nin renuncie á realización do traballo, nin tampouco recorra á economía somerxida. Actualmente, cando accedían a traballos de ingresos inferiores á prestación, descontábanse estes ingresos.

### **División en tres tramos**

A Risga artículase en tres tramos distintos: o persoal e familiar; o de inserción; e o de transición ao emprego.

En primeiro lugar, a través do denominado tramo “persoal e familiar” garántese unha contía mínima para a cobertura das necesidades básicas da persoas, que se relaciona co compromiso de manter un proxecto de inserción social.

Esta contía é anual e prorrogable. Ademais, esta prestación é ampliable no caso da presenza de maiores ou de menores de idade na unidade familiar. Neste caso, o beneficiario terá que cumprir un acordo de integración socioeducativa dos menores conviventes. É a primeira vez que se inclúe como tal o compromiso dunha intervención concreta con menores.

O segundo tramo é o de “inserción”. Neste caso, o beneficiario percibe unha contía a maiores da do tramo persoal e familiar, co fin de estimular o seu acceso a un emprego. Este tramo terá unha duración de ata 18 meses. Para ser beneficiario deste tramo é necesario cumprir un itinerario orientado á inserción laboral, con accións formativas.

Por último, a nova Risga abrirá un tramo de transición ao emprego. Consiste nunha contía que se segue a percibir durante os seis primeiros meses desde a consecución dun posto de traballo por parte do beneficiario. A contía vai diminuindo gradualmente ata extinguirse.

Grazas a estes tramos, dáse resposta ás disfuncións que se viñan detectando na actual Risga e que foron avaliadas tanto por profesionais da Administración autonómica e local como por expertos do terceiro sector, así como polo Diálogo Social.

Así, unha das disfuncións que se detectou é a cronificación da situación de exclusión social, a través das prórrogas sucesivas da percepción da Risga. Detectouse, tamén, a perda de vinculación do beneficiario co proxecto de inserción. Isto producíase porque todos -independentemente do caso- asinaban un proxecto de inserción para percibir a renda, pero non todos estaban en condicións de cumprilo polas súas circunstancias persoais e sociais, polo que o proxecto de inserción acabou perdendo valor e eficacia.

Coa división en tres tramos, permítese que aqueles beneficiarios que non estean en condicións de cumprir un proxecto de inserción permanezan no tramo persoal e familiar e, pola súa banda, incentívase a incorporación a estes proxectos permitindo a recepción dunha contía a maiores para aqueles que pasen ao segundo tramo.

Deste xeito, agás no tramo básico, todas as contías que prevé a nova Lei de inclusión son maiores ás que se viñan recibindo ata agora: tanto os complementos por outros conviventes son maiores, como as contías adicionais para fomentar a inserción.

Outra das disfuncións que se detectou, e que se soluciona coa nova Lei de inclusión, é que actualmente na práctica "se penalizaba" a realización de traballos esporádicos ou accións formativas, porque a percepción da Risga se reducía ou se suspendía neste caso. Isto levaba a que moitos beneficiarios renunciásen a estas actividades de inserción ou mesmo a agochalas da Administración. Coa nova normativa, os tramos de inserción e de transición ao emprego son compatibles cos accesos parciais a determinados traballos, así como tamén se establece a compatibilidade con prestacións económicas de contía menor que a das pensións non contributivas.

En definitiva, a lei prevé os beneficiarios non como os meros perceptores dun subsidio, senón como suxeitos capaces de superar esas situacións, aos cales hai que motivar, incentivar e apoiar para que o fagan.

### **Outros aspectos**

A nova Lei de inclusión reduce tamén os prazos de tramitación. Ademais, a nova norma regulará tamén outros aspectos como as axudas de emerxencia social (AES), que agora pasan a denominarse axudas de inclusión social (AIS).

Neste sentido, é preciso destacar que as futuras AIS estarán destinadas non só como ata o de agora a sufragar situacións de grave emerxencia, senón que financiarán tamén actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medias de apoio dos diferentes tramos da renda de inclusión social de Galicia. Para favorecer a súa eficacia, as persoas perceptoras destas axudas vincularanse a proxectos de traballo sociais ou socioeducativos desenvolvidos desde os servizos sociais comunitarios, que se responsabilizarán do seu seguimento.

As axudas de inclusión social, como ata o de agora, estarán destinadas a posibilitar que as persoas cunha grave situación económica continúen habitando na vivenda habitual cando este feito favoreza o proceso de inclusión; a mellorar a habitabilidade da vivenda habitual; ao equipamento do mobiliario básico da vivenda ou axudas para atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico.

No texto tamén se fomentan as empresas de inserción laboral e o seu recoñecemento, así como a adopción doutras medidas de inclusión social como as accións de discriminación positiva nas políticas activas de emprego.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE DA O VISTO E PRACE AO PLAN DE RECUPERACIÓN DO SAPOCONCHO COMÚN EN GALICIA**

- *Trátase da especie de réptil máis ameazada de extinción en Galicia*
- *O número de individuos non supera o centenar de adultos por hectárea nas catro áreas en que se pode atopar: bacías dos ríos Arnoia, Avia e Louro, Gándaras de Budiño e Charcas de Oliveira, no Parque de Corrubedo*
- *O plan establece as medidas necesarias para a conservación desa especie en estado silvestre no territorio galego, así como a dos seus hábitats, corrixindo os problemas que ameazan a dita conservación*


O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o proxecto de decreto polo que se da o visto e prace ao plan de recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis L.*) en Galicia. Cabe sinalar que un plan de xestión dunha especie ameazada é un documento que recolle e detalla a información e as actuacións necesarias para a conservación desa especie en estado silvestre no territorio galego, así como a dos seus hábitats, canalizando os recursos dispoñibles en corrixir os problemas que ameazan a dita conservación.

O sapoconcho común (*Emys orbicularis L.*) é un réptil eminentemente acuático, que vive preferentemente en augas estancadas ou de leve corrente. A información máis actual da situación da especie en Galicia procede da diagnose de detalle do estado de conservación elaborada pola Universidade de Vigo.

### **Réptil ameazado**

Este animal constitúe, sen dúbida, a especie de réptil máis ameazada de extinción en Galicia, posto que o número total de individuos estimados non supera o centenar de adultos por hectárea nas catro áreas do sur de Galicia en que se pode atopar:

- **Bacía do río Arnoia** (concellos de Allariz, Xunqueira de Ambía e Baños de Molgas, provincia de Ourense).
- **Bacía do río Avia** (concellos de Ribadavia, Beade, Leiro e Cenlle, provincia de Ourense).
- **Gándaras de Budiño, na bacía do río Louro** (concellos do Porriño, Tui e Salceda de Casela provincia de Pontevedra).
- **Charcas de Oliveira, no Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán** (concello de Ribeira, provincia da Coruña).



As causas da súa regresión xeneralizada son as seguintes:

- Captura para súa venda como mascota.
- Mortalidade en nasas de pesca.
- Existencia de especies exóticas invasoras (*Micropterus salmoides*, *Procambarus clarkii*, *Pacifastacus leniusculus*, *Neovison vison*) nas súas áreas de presenza.
- Fragmentación de humedais (sobre todo na poboación presente no río Louro, en concreto nas Gándaras de Budiño).

Todos estes impactos negativos, tanto sobre a especie como sobre o seu hábitat, fan necesario adoptar medidas para evitar a súa extinción en Galicia, a través dun plan de recuperación.

A Lei 9/2001 foi desenvolvida polo Decreto 88/2007, do 19 de abril, que regula o Catálogo galego de especies ameazadas, configurándoo como un rexistro público de carácter administrativo, dependente da dirección xeral competente en materia de conservación da natureza, no cal se inclúen aquelas especies, subespecies ou poboacións pertencentes á flora e fauna silvestre que, estando ameazadas, requiran medidas de protección específicas.



### **Prohibicións**

As consecuencias da catalogación do sapoconcho común como *en perigo de extinción* significan a prohibición, salvo autorización expresa, de calquera actuación feita co propósito de darlle morte, capturalo, perseguilo ou molestalo intencionadamente; e tamén, se non se ten autorización expresa, da observación e filmación mediante o establecemento de postos fixos a menor distancia da que determine o plan de recuperación da especie; de posuír, transportar, vender ou expoñer para a venda, importar ou exportar exemplares silvestres, vivos ou mortos, así como os seus restos, o intercambio e a oferta de espécimes recollidos na natureza.

Así mesmo, estará prohibida a súa disecación, agás a destinada a fins científicos ou educativos que sexa autorizada expresamente; e prevese a posibilidade de restrinxir temporalmente o acceso ao tránsito de visitantes en períodos e lugares considerados críticos para a súa supervivencia. Tamén existirá a obriga da consellería de elaborar un plan de recuperación da especie (que é obxecto deste decreto).

Ata o de agora, o Goberno galego aprobou o Plan de recuperación do oso pardo. Actualmente, estase tramitando o procedemento para a súa revisión.



**Ningunha das súas poboacións parece superar o centenar de individuos adultos. As da provincia de Ourense son as que presentan un mellor estado de conservación.**

Por causa deste baixo número de exemplares existentes, a especie é moi sensible á mortalidade dos exemplares adultos, que se pode producir ben por acción dos depredadores (fundamentalmente especies exóticas como o visón americano ou a perca americana), por atropelos ou por captura directa de exemplares, co obxecto de empregarlos como mascota.

## **A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 315.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL NA ESTRADA MARÍN-RANDE (PO-551) CO FIN DE MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por estas actuacións*
- *O proxecto céntrase na creación dun itinerario peonil no treito en que aquela discorre por Bagüín, no concello de Marín*
- *Estas actuacións beneficiarán máis de 25.562 habitantes do concello de Marín, que verán mellorada a súa seguridade viaria*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da senda peonil na estrada Marín-Rande (PO-551), concretamente no treito que discorre por Bagüín (Marín), entre os p.q. 2+000 e 2+950.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), realizará unha achega económica de máis de 315.000 euros para a execución desta mellora da seguridade viaria.

O citado proxecto ten por obxectivo a creación dun itinerario peonil mediante a construción dunha senda peonil pola marxe esquerda, entre os p.q. 0+250 e 2+920, que permita interconectar os distintos núcleos de edificacións que se localizan ao longo da estrada PO-551, mellorando a seguridade viaria dos viandantes.

Nesta actuación a sección transversal da calzada non se modifica, mentres que a sección da senda proxectada é variable, adaptándose á plataforma existente, cun largo mínimo de 1,20 metros. No proxecto prevese separar o tráfico rodado do peonil mediante unha barreira prefabricada de formigón.

Estas actuacións beneficiarán máis de 25.562 habitantes do concello de Marín, que verán mellorada a súa seguridade viaria. O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante este tipo de actuacións, pretende proporcionar aos cidadáns unha rede viaria que achegue comodidade e seguridade, reducindo ao mesmo tempo a posible sinistralidade.

Nos seguintes planos amósase o intervalo en que se levará a cabo o proxecto de mellora, así como o trazado das actuacións.



## **RED.ES ACHEGARÁ Á XUNTA PRETO DE 790.000 EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE INICIATIVAS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA**

- *O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a sinatura dun convenio entre o ente público estatal e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia*
- *Permitirá a posta en marcha do Rexistro Electrónico Único e do nodo de interoperabilidade que posibilitará a conexión entre os servizos dixitais das diferentes administracións para facilitar o intercambio de información*
- *Ambas as iniciativas facilitarán que cidadáns e empresas poidan resolver as súas xestións coas administracións públicas de xeito telemático e evitarán teñan que presentar documentación que xa obra en poder das entidades públicas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e Red.es para o desenvolvemento de iniciativas de administración electrónica que permitirán avanzar na dixitalización dos servizos públicos.

O acordo establece un investimento de 1.125.000 euros para implantar as infraestruturas tecnolóxicas precisas para a o desenvolvemento do Rexistro Electrónico Único e do nodo de interoperabilidade. Do importe total Red.es achegará 787.500 euros e a Xunta 337.500 euros.

Estas dúas iniciativas enmárcanse no Plan de modernización da Administración autonómica e supoñen a consolidación das liñas de actuación que a Xunta vén desenvolvendo desde mediados de 2010 dentro deste plan. Son proxectos clave para que cidadáns e empresas poidan resolver as súas xestións coas administracións públicas nun único procedemento ou trámite, independentemente do nivel administrativo a que se acheguen, e non teñan que presentar documentación que xa obra en poder das entidades públicas.

### **Rexistro Electrónico Único**

A posta en marcha do Rexistro Único Electrónico como nova canle de acceso ao rexistro xeral, xunto coa compulsa electrónica, permitirán presentar de xeito telemático solicitudes e información complementaria, aforrando tempo, custos de desprazamento e diminuindo o uso do papel.

O acordo permitirá contar cos medios necesarios para a automatización das oficinas de rexistro actuais, garantindo a interconexión de todas elas e posibilitando o acceso por medios electrónicos dos asentos rexistrais, das copias electrónicas das solicitudes e escritos que se presenten, así como da documentación complementaria. Deste xeito, o Rexistro Electrónico permitirá a recepción e emisión por vía electrónica da documentación que os cidadáns presentan agora nos diferentes rexistros da Xunta e dos concellos.

### **Nodo de interoperabilidade**

O nodo de interoperabilidade complementará esta actuación, xa que esta plataforma permitirá o intercambio de información entre as administracións autonómica, local, provincial e estatal evitando que cidadáns e empresas teñan que achegar documentación que xa está dispoñible na Administración.

Para acadar este obxectivo será fundamental o centro de proceso de datos integral, a infraestrutura tecnolóxica de altas prestacións desde a que se xestionará toda a documentación que xera a Administración autonómica e que prestará servizo a concellos, deputacións e universidades.

## **A XUNTA APROBA UNHAS GUIAS PARA SIMPLIFICAR OS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS E AS CONVOCATORIAS DE SUBVENCÍONS**

- *Trátase de ferramentas vivas que estarán permanentemente dispoñibles e actualizadas na intranet do Executivo autonómico*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Guía de textos e formularios normalizados e a Guía de habilitación electrónica de procedementos administrativos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, co obxectivo de avanzar na simplificación de procedementos que afectan a cidadanía.

As guías estarán permanentemente dispoñibles e actualizadas na intranet da Xunta e servirán de axuda a todos os órganos e unidades da Administración galega que elaboren proxectos de disposicións administrativas de carácter xeral que se publiquen no DOG e, en particular, bases reguladoras e convocatorias de subvencións.

Estes manuais son ferramentas vivas que necesitan estar actualizadas conforme a lexislación vixente en cada momento e a realidade social do tempo en que deben ser aplicadas. Ademais, a propia actividade administrativa leva a identificar melloras que poderían facelas máis eficientes.

Para cumprir este labor, a Amtega e a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa serán as responsables de aprobar a publicación de novas versións das guías cando o uso das novas tecnoloxías poida favorecer a implantación dalgunha mellora; cando se produzan modificacións lexislativas que puidesen afectar o seu contido ou cando se identifiquen melloras que incidan na axilización da tramitación administrativa dos procedementos ou na claridade e mellor servizo á cidadanía.

A publicación destas guías supón un avance no desenvolvemento do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Esta regulación está encamiñada á modernización, racionalización e simplificación dos procedementos administrativos e servizos; e propicia a redución de trámites e cargas burocráticas, ademais de facilitar a relación entre os cidadáns e a Administración, contribuír a reducir os custos administrativos das actividades empresariais e axudar a mellorar a competitividade das empresas e estimular o seu desenvolvemento.

## **A XUNTA AFORRARÁ ATA UN 13% NA SÚA FACTURA ELÉCTRICA COA CREACIÓN DE REDEXGA, UN SISTEMA PIONEIRO DE CENTRALIZACIÓN ENERXÉTICA**

- *A nova Rede de Enerxía da Xunta de Galicia centraliza a contratación eléctrica de 1.276 puntos de subministro dependentes da administración pública que consumiron no último ano 108 GWh cun custo de case 19 millóns de euros*
- *Con este novo modelo acadarase un aforro de 12 millóns de euros nos próximos catro anos*
- *É a primeira vez que o Goberno Galego leva a cabo una iniciativa destas características que permitirá unha xestión máis eficiente dos recursos e unha total coordinación entre as instalacións da administración autonómica*

A nova Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (REDEXGA) permitirá ao Goberno galego acadar un aforro de ata un 13% na factura eléctrica da Administración, o que suporá unha redución de 12 millóns de euros nos próximos catro anos. Neste sentido, a Rede configúrase como unha ferramenta pioneira que ten como obxectivo centralizar a contratación enerxética racionalizando tanto o consumo como o subministro eléctrico das instalacións da administración autonómica.

Para a creación da Redexga realizouse un traballo previo, conxunto e coordinado, por parte dos distintos departamentos da Xunta, que ten permitido incorporar á Rede 1.276 puntos de subministro da administración pública, entre eles centros educativos, edificios administrativos ou edificios xudiciais. Xuntos rexistraron no 2012 un consumo conxunto de 108 GWh, o que se traduce, en termos económicos, en case 19 millóns de euros anuais.

É a primeira vez que o Goberno Galego leva a cabo una iniciativa destas características que suporá, ademais dun importante aforro para a administración autonómica, unha xestión máis eficiente dos recursos e unha total coordinación entre as instalacións públicas.

Para a posta en marcha de REDEXGA sacarase a concurso un réxime de contratación centralizada co obxectivo de mellorar a eficiencia enerxética da administración autonómica. O contrato terá unha duración de dous anos e dous prorrogables e entrará en vigor no último trimestre deste exercicio, cubrindo a partir de entón a demanda de enerxía eléctrica a prezos máis favorables.

A Redexga, que será xestionada polo Inega, integra todos os puntos de subministro das diferentes consellerías da Xunta, salvo a Cidade da Cultura, Portos de Galicia e o Sergas que se irán incorporando de maneira progresiva.

Deste xeito, a Xunta reitera a súa aposta polo aforro e a eficiencia como piares fundamentais da súa política enerxética, o que posibilita a obtención de importantes aforros para as arcas da Administración repercutindo en beneficio de todos os cidadáns.



## **A XUNTA APROBOU A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DA LIÑA DE ALTA VELOCIDADE NO TRAMO PRADO-PORTO, EN OURENSE**

- *O acordo do Consello comprende terreos dos montes veciñais en man común das comunidades de Prado, Trez, Tamicelas, O Castro e Naveaus e Campobeceros, na provincia de Ourense*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de construción da liña de alta velocidade Madrid –Galicia, tramo Prado–Porto, solución variante, e tramo Túnel de Prado vía esquerda, solución variante, pertencentes, respectivamente, ás comunidades de Prado, Trez, Tamicelas, O Castro e Naveaus e Campobeceros, na provincia de Ourense, para unha superficie total de afectación de 22,20 hectáreas.

O Servizo Provincial de Montes en Ourense comprobou que as superficies que se verán afectadas nestes montes veciñais se corresponden coas solicitadas polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), encargado dos traballos da liña de alta velocidade que unirá Galicia coa Meseta, e non atopou impedimento para levar a cabo estas expropiacións e ocupacións temporais.

A Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar, á vista de toda a documentación do expediente, propuxo emitir informe favorable desta prevalencia en virtude do artigo 6 do regulamento da Lei de montes veciñais en man común.

## **GALICIA AFORROU 33,62 MILLÓNS DE EUROS NA SÚA FACTURA FARMACÉUTICA ENTRE XANEIRO E MARZO DE 2013**

- *O gasto medio por receita en marzo de 2013 situouse en 11,51 euros, 3,61% menos que na mesma data de 2012*
- *Con respecto á prescrición de xenéricos tamén continúa a aumentar e acadou en febreiro de 2013 un 38,16%*

Galicia obtivo un aforro no gasto farmacéutico de receita de 33,62 millóns de euros durante o primeiro trimestre de 2013. Isto supón unha diminución do 16,48% do gasto respecto ao mesmo período do 2012. Así informou a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, aos membros do Consello da Xunta.

Con respecto ao gasto medio por receita neste primeiro trimestre, continúa diminuíndo, e acadou unha cifra no mes de marzo de 11,51 euros, o que supón unha diminución do 3,61% respecto ao mes de marzo do 2012, e de 7,55% respecto ao mes de marzo de 2011.

No ano 2012 e no primeiro trimestre do 2013 continúa a tendencia decrecente iniciada en 2011 coa implantación do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos. O pasado ano 2012 a factura farmacéutica diminuíu un 14,32% con respecto ao ano 2011; e entre xaneiro e decembro de 2011 a factura farmacéutica diminuíu un 10,96% con respecto ao mesmo período do ano 2010.

Estes datos situaron o gasto en farmacia a niveis de 2007 e a Galicia como a comunidade autónoma que máis diminuíu o seu gasto farmacéutico no ano 2011. Neste momento os datos de gasto farmacéutico sitúannos a niveis de 2004.

Con respecto da prescrición de xenéricos tamén continúa a aumentar e acadou en febreiro de 2013 un 38,16%, é dicir, 27 puntos máis que en xullo de 2009, cando a Consellería de Sanidade iniciou o programa de boas prácticas na prescrición de xenéricos e puxo en marcha outras medidas de potenciación de xenéricos; entón a prescrición situábase no 10,85%.

### **Medidas de racionalización en Galicia**

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde continúan apostando polas medidas de racionalización postas en marcha a través do impulso de boas prácticas de prescrición e do bo uso do medicamento, realizando unha xestión eficiente dos recursos dispoñibles.

Ademais de impulsar o Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos tamén se puxeron en marcha outras medidas como a ampliación do programa de atención farmacéutica nas residencias sociosanitarias, o programa de fomento de boas prácticas de prescrición

con novos obxectivos e o traballo conxunto da Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica cos profesionais e sociedades científicas.

## **TRABALLO INVISTE ESTE ANO PRETO DE 138 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR A EMPREGABILIDADE DE MÁIS DE 37.500 GALEGOS E GALEGAS**

- *Desde este mes o DOG publica un total de 27 ordes por un importe de preto de 92 millóns de euros para acadar este obxectivo, tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta*
- *As dúas primeiras convocatorias saíron xa publicadas o pasado venres no DOG: os plans integrados de emprego, dos cales haberá unha ampliación nas próximas semanas, e subvencións para a contratación de técnicos de información e orientación laboral*
- *A estas actuacións engadiranse programas para promover o cooperativismo, o emprendemento ou a inserción das persoas en risco de exclusión e con discapacidade*
- *Aos preto de 92 millóns de euros súmanse outros 40 que xa se destinaron a formación para desempregados en xaneiro e que beneficiaron a 14.000 persoas*

A Consellería de Traballo e Benestar está a investir ao longo deste ano preto de 138 millóns de euros para o fomento da contratación, da empregabilidade e do emprendemento, do que se beneficiarán máis de 37.500 traballadores e traballadoras galegos. Desde este mes, o *Diario Oficial de Galicia* publicará un total de 27 ordes de axudas por un importe de preto de 92 millóns, que se achegarán a máis de 23.500 persoas, tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta.

A gran maioría destas convocatorias públicas de axudas saíran no DOG neste mesmo trimestre. De feito, as primeiras convocatorias xa se publicaron a semana pasada: as axudas para a contratación de técnicos de información e orientación laboral e os plans integrados de emprego. Destas últimas axudas haberá unha ampliación de 700.000 euros nas próximas semanas. Ademais destes 92 millóns en 27 ordes, destinaranse outros 6 millóns de euros noutro tipo de medidas (elaboración de proxectos, modernización do servizo público de emprego...) e xa no pasado mes de xaneiro se investiron outros 40 millóns en axudas para a formación de persoas desempregadas.

As medidas das cales deu hoxe conta o Consello da Xunta divídense en varios bloques. A través de 3 ordes fomentárase a consolidación e promoción do cooperativismo e da economía social a través de asociacións, mancomunidades ou agrupación de concellos. Para iso destinaranse máis de 2,4 millóns de euros. Fomentárase tamén a creación de microempresas, de novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica e fomento do traballo autónomo a través de 5 liñas de axudas que sumarán preto de 24,5 millóns de euros. Estímase que con

esta actuación se poidan beneficiar 3.200 autónomos e 810 empresas ou entidades asociativas. Este ano, como novidade, incrementarse nun 15 por cento o orzamento dirixido á creación de empresas de base tecnolóxica e subvencionarase por primeira vez a contratación do segundo e terceiro traballador efectuado por un autónomo.

O departamento autonómico publicará tamén no DOG, nos próximos meses, outras cinco ordes para promover a inserción sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social, o mantemento dos centros especiais de emprego e o fomento da contratación a persoas con discapacidade. Este grupo de medidas financiarase cun total de preto de 16,8 millóns de euros para que poidan beneficiarse 113 centros especiais de emprego, 2.400 persoas con discapacidade e 1.500 con maior dificultade de inserción. Para este último colectivo, amplíase en 2013 a contratación a tempo parcial subvencionable para favorecer o seu emprego estable. Ademais, este ano será maior o anticipo da axuda que recibirán os centros especiais de emprego, ata achegar ao 80 por cento do total concedido.

Outras 4 ordes, que suporán un investimento de máis de 20 millóns de euros, promoverán a contratación de persoas desempregadas e axentes de emprego e desenvolvemento local. Esta actuación beneficiará preto de 2.700 galegos e galegas. Dentro deste paquete de medidas inclúense as axudas dos plans de cooperación.

Os programas mixtos de emprego e formación, os obradoiros de emprego, están dirixidos, en colaboración coas entidades locais, a mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas mediante a súa cualificación profesional e desempeño dun traballo real e produtivo. A esta liña de subvencións destinaranse preto de 10,5 millóns de euros. Realizaranse preto de 45 proxectos que poderán beneficiar máis de 1.000 persoas desempregadas.

A Consellería de Traballo e Benestar, ademais, investirá 750.000 euros para o programa Forcon, que está dirixido á formación e contratación nos sectores estratéxicos da Comunidade Autónoma de 300 mozos e mozas con baixa cualificación.

Outras actuacións, que forman parte dos preto de 92 millóns de euros en axudas, son as dirixidas á formación de traballadores ocupados; á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social de persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas; á promoción da afiliación á Seguridade Social das

persoas cotitulares e titulares de explotacións agrarias de Galicia; á implantación nas pemes da responsabilidade social empresarial e ao fomento da igualdade laboral; e á prevención de riscos laborais.

### **Orientación e plans de emprego**

Por último, dentro das axudas que suman preto de 92 millóns de euros inclúense as dirixidas á contratación de técnicos de información e orientación laboral e os plans integrados de emprego, que xa saíron publicadas no DOG o venres pasado.

A Consellería de Traballo e Benestar destina preto de 4 millóns de euros para axudas á contratación de aproximadamente 205 técnicos para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego. Estas subvencións van dirixidas a entidades locais e sen ánimo de lucro, que serán as encargadas de realizar as contratacións. Estes 205 orientadores sumaranse como persoal especializado aos técnicos que traballan nas oficinas de emprego do Servizo Público de Galicia, polo que este ano a Comunidade Autónoma contará con preto de 450 traballadores especializados na atención integral das persoas desempregadas.

Con respecto aos plans integrados de emprego, investíronse nunha primeira orde, que saíu publicada o pasado venres no DOG, máis de 1,9 millóns de euros que beneficiarán a 2.000 galegos e galegas. Esta orde ten por obxecto o financiamento de programas de emprego dirixidos á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de plans integrais que combinen accións de diversa natureza, tales como información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral, prospección de empresas e intermediación laboral, e mobilidade xeográfica.

Coa ampliación que se publicará nas próximas semanas o orzamento total ascenderá a 2,6 millóns de euros e beneficiará 2.700 galegos e galegas en situación de desemprego.

Por último, é preciso sinalar que, na área laboral, o departamento autonómico xa investiu no mes de xaneiro 40 millóns de euros en axudas para formación dirixida a persoas desempregadas. Esta actuación está a beneficiar a 14.000 galegos.